

CERTIFICADO SECRETARIO

D. Manuel Suárez Blanco, con DNI 79.316.287-M , como Secretario do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Golfo Ártabro Sur, con CIF nº G-70.184.494 e con domicilio a efectos de notificacións en Av. Do Porto Nº21 Baixo (Casa do Mar) 15160 Sada – A Coruña, por medio da presente,

CERTIFICA

Que no punto 3 de orde do día da reunión de Xunta Directiva de data 26 de Abril de 2026 acordouse:"

- 2. ASINO DE DECLARACIÓNS DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESE, E DE CONFLICTO DE INTERESE, POLAS PERSOAS QUE NON ASISTIRAN Á REUNIÓN DE 09/04/2026. REVISIÓN, SE PROCEDE, DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DA CONVOCATORIA DE 2026, CONTESTACIÓN ALEGACIÓNS. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DEFINITIVA DE XUNTA DIRECTIVA DA CONVOCATORIA 2026 DAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS 760, 770 E 780 E RENUNCIAS, INADMISIÓNS E DENEGACIÓNS. PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO E COMUNICACIÓN Á CONSELLERÍA DO MAR.**

Acordos:

1. A Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Sur unha vez escoitada a proposta técnica, seleccionou provisionalmente os proxectos que considerou prioritarios para a execución da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, de conformidade cos criterios establecidos nesta, e no estipulado na "ORDE do 12 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2026, tramitada como anticipada de gasto (código de procedemento PE155A).
2. Todas as persoas presentes, en representación das entidades membro da Xunta Directiva, segundo o punto 4º da Orde do día, asinou a declaración de ausencia de conflito de interese, e ausentáronse da mesma, nos momentos de revisión, análise e votación do seus proxectos, no caso da súa implicación nos mesmos.
3. Nos caso de empate nas puntuacións dos proxectos, a equipa técnica aplicou o punto 11 do artigo 19 "fase de instrución" da Orde do 12 de decembro de 2025.
4. Para unha axeitada xestión dos fondos no noso territorio, e poder acadar o cumprimento ao máximo o obxectivo financeiro do programa, tendo en conta o Convenio asinado coa Consellería do Mar que ten por obxecto "establecer as condicións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento da estratexia", a Xunta Directiva acorda que se aprobe a proposta técnica e se aproben todos os proxectos dos concellos da partida 760, os proxectos empresariais da partida 770, os proxectos non empresariais da partida 780, polas puntuacións e contías establecidas nos anexos,

tendo en conta o límite orzamentario da Consellería do Mar e na propia Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do Galp Golfo Ártabro Sur, así como os proxectos denegados/ inadmitidos/ renuncias.

5. Que no caso de non existir crédito orzamentario para atender todas as solicitudes aprobadas desta convocatoria 2026, a Xunta Directiva acorda que sexan incorporadas a unha lista de reserva, tendo en conta o artigo 21.4 da Orde do 12 de decembro de 2025 "Establecerase unha listaxe de reserva con aqueles proxectos incluídos na proposta de resolución definitiva dos GALP que non poidan recibir axuda por falta de crédito, que será empregada para os casos nos que non se esgote o crédito dispoñible ou se incremente este posteriormente en virtude de renuncias, de modificación de resolución de concesión ou de dotacións orzamentarias adicionais" e tendo en conta o Artigo 3.3. "Os proxectos serán subvencionables en función da dispoñibilidade de orzamento nos obxectivos estratéxicos do plan financeiro da EDLP de cada GALP. Soamente serán atendidas as solicitudes de forma completa, coa excepción do caso en que a solicitude esgote o importe dispoñible no obxectivo estratéxico do plan financeiro do GALP correspondente. Neste caso, concederase a subvención limitando a súa porcentaxe ao remanente existente. Poderán admitirse transferencias entre importes dos obxectivos estratéxicos ata un máximo do 15 %, logo de comunicación á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro...."

6. Esta proposta de resolución provisional quedaba condicionada á revisión por parte do equipo técnico do GALP Golfo Ártabro Sur da documentación que foi requirida ás entidades solicitantes das axudas, a comprobación do SANCIPES.

7. Esta proposta de resolución provisional da Xunta Directiva para proxectos das partidas orzamentarias 760 (Concellos), 770 (empresariais), 780 (non empresariais), así como os desestimados/inadmitidos da Convocatoria 2026, non crea ningún dereito favor solicitante proposta, estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para as partidas orzamentarias 760, 770 e 780 para a Convocatoria 2026 segundo a Orde do 12 de decembro de 2025.

8. Outórgase un prazo de alegacións de 10 días hábiles contados dende a data da súa publicación no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Sur, que foi o día 09 de Abril de 2026.

9. Informar que esta proposta de resolución provisional publicarase na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia (<https://galp.xunta.gal>) e no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Sur.

10. Os representantes das entidades membros da Xunta Directiva acordan que unha vez publicada a resolución provisional – segundo o artigo 20 da Orde de axudas do 16 de xaneiro de 2026 – abrir un prazo de alegacións de 10 días hábiles; no caso de non recibir alegacións ao respecto, quedarían aprobadas definitivamente as propostas de resolución provisional, elevando a público unha proposta de resolución definitiva, sen necesidade de levar a cabo unha nova reunión de Xunta Directiva presencial, ao non existir alegacións nin modificacións de ningún aspecto nos acordos tomados nos diferentes proxectos nesta reunión, e que tiveran que ser novamente debatidos polos membros.

No caso de revisións da documentación presentada, e que afecten ao contido na proposta provisional, a equipa técnica deberá informar aos membros da Xunta Directiva dos cambios realizados para a súa conformidade ou non conformidade a través do correo electrónico, previo á publicación da proposta definitiva.

Na fase de concesión procederase segundo Art.2.2, Art.3.3, e os Art.21 4 e 7 da ORDE do 12 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no

marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2026, tramitada como anticipada de gasto (código de procedemento PE155A).

Acordase que si houbera algunha alegación a Xunta Directiva reunirse o vindeiro venres 24 de abril de 2026 para estudialas e estimalas o desestimar as alegacións e realizar a proposta definitiva, se non se actuará segundo o primeiro parágrafo deste punto.

11. Dentro do período de alegacións, o día 14 de abril de 2026, recibíuse mediante sede electrónica unha alegación do proxecto PE155A-2026-00054 "Slow Fish Ártabro Sur" promovido pola entidade Asociación Slow Food Compostela. Previa revisión da proposta do equipo técnico, cuxo conclusión é a seguinte:

"As alegacións presentadas non desvirtúan os motivos que fundamentaron a resolución inicial, polo que se procede á súa desestimación e confirmación da mesma.

En consecuencia, mantense o incumprimento do disposto en:

- *Artigo 4 c) da orde de 15 de decembro de 2025 que indica: Con carácter xeral, os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos: ser viables técnica, financeira e economicamente*
- *Artigo 27.7 d) da Lei de 9/2007 de subvencións de Galicia que indica: En ningún caso poderán contratarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:*
 - 1º. *Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado*
 - 2º. *Que se obteña previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nas bases reguladoras."*

A Xunta Directiva, tras o oportuno debate e deliberación, acorda asumir a devandita proposta e, en consecuencia, ditaminar o seguinte:

"Á vista do conxunto do expediente, das alegacións formuladas, da documentación achegada e dos informes técnicos coincidentes incorporados, non se desvirtúan os feitos nin os fundamentos que motivaron a proposta de resolución provisional de denegación, manténdose o incumprimento do disposto no artigo 4 c) da Orde do 15 de decembro de 2025 e no artigo 27.7 d) da Lei 9/2007.

En consecuencia, procede a desestimación íntegra das alegacións presentadas pola entidade solicitante e a elevación a definitiva da proposta de resolución de denegación da axuda, ao persistir o incumprimento dos requisitos esixidos pola normativa de aplicación no marco da convocatoria 2026 do GALP Golfo Ártabro Sur."

12. Tendo en conta o punto 10, a Xunta Directiva acorda elevar a público unha proposta de resolución definitiva de proxectos, para as partidas orzamentarias 760, 770 e 780, así como de desestimados, inadmitidos e renuncias das tres partidas orzamentarias, que será trasladada á Consellería do Mar para a súa aprobación definitiva.

13. A proposta de resolución definitiva de Xunta Directiva para proxectos das partidas 760, 770 e 780, así como a listaxe de proxectos desestimados/inadmitidos da convocatoria 2026, non crea ningún dereito en prol do solicitante, estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para as partidas e a convocatoria anteriormente citadas.

14. Xúntase como anexos á presente proposta de resolución definitiva:

- Anexo I. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 760
- Anexo II. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 770
- Anexo III. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 780

- Anexo IV Proposta de resolución provisional Xunta Directiva DESISTIMADOS/INADMITIDOS (760-770-780)

15. Esta proposta de resolución definitiva, xunto cos anexos correspondentes será publicados no taboleiro de anuncios do GALP, na súa páxina web e na páxina web dos GALP de Galicia.

16. Por último, acordase pola Xunta Directiva que a Presidencia e equipa técnica realicen todo o necesario segundo o procedemento para levar a cabo todos os acordos desta Xunta Directiva.

E, para que conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación.

Sada, a 24 de abril de 2026



Asdo. D. Manuel Suárez Blanco

Secretario do GALP Golfo Ártabro Sur



C.I.F.: G-70184494

Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Sur
Avda. do Porto nº21 - Baixo
15160 Sada - A Coruña - España

Vto. e prace



Asdo. Alberto L. Castro García

Presidente do GALP Golfo Ártabro Sur